



### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/33-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE FISTERRA	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PERCEBE	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ E EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Percebe ( <i>Pollicipes pollicipes</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Da praia de Nemiña ata cabo Fisterra
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A: de Cabo Fisterra a Praia de Mar de Fóra, Centolo e Illotes (CM-084) Zona B: De Praia de Mar de Fóra a Punta Longa (CM-085) Zona C: De Punta Longa a Praia de Nemiña (CM-086) Zona D: Illas Lobeiras e Carromeiros (CM-087, CM-088, CM-089, CM-090, CM-091)

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
17	11	23
Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>		SI
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	-	3

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción												
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup>												
Modalidade <sup>(3)</sup> : a pé: 160 días												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup>												
Modalidade <sup>(3)</sup> : embarcación: 176 días (*)												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies	A pé (Mariscador/día)	Embarcación	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	6 kg	-	6 kg

<b>Artes a empregar</b>	Raspa ou rasqueta
-------------------------	-------------------

<b>Puntos de control</b>	A pé: Zona A: cabo Fisterra. Zona B: Alto da Nave. Zona C: praia de Arnela. Embarcación: embarcación de vixilancia e peirao de Fisterra
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Fisterra ou calquera outra lonxa ou centro de venda autorizado



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiros</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

#### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

**Participantes:** O plan presenta o listado das 11 embarcacións con 23 habilitacións que contan co recurso percebe no seu permex asociadas á confraría de Fisterra.

Na modalidade de a pé, rematado o proceso de ampliación e renovación de permex para o ano 2011, o número de percebeiros autorizados para traballar neste plan é de 17. No listado anexo ao plan non inclúen a \_\_\_\_\_ que ten o permex renovado para o ano 2011, nin a \_\_\_\_\_ que obtivo o permex no mes de novembro e está pendente a súa renovación.

**Ampliación:** A situación deste recurso e os datos obtidos no seguimento da súa explotación nos últimos anos permiten acceder á solicitude de ampliación de 3 habilitacións entre as embarcacións que contan con este recurso no seu permiso de explotación. A selección realizarase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños.

Sen embargo, a proposta de cambio de modalidade de permex a pé por unha habilitación é totalmente contraria á normativa vixente e ao procedemento de concesión de permisos tanto a pé como para as embarcacións.

**Xestión da explotación:** A extracción realízase mediante a rotación das zonas de traballo nas que se divide o ámbito do plan.

**Puntos de control:** Para a modalidade de a pé, establécense 3 puntos de control, dependendo da zona de traballo. Defínese perfectamente a organización destes controis, nos que se

(\*) Modificado por Resolución do 15 de novembro de 2011 da D.X de Ordenación e Xestión dos RR.MM 2



controlan tallas e cupos, e se rexistra os nomes dos percebeiros que foron traballar. Esta información queda recollida nun parte de control que será entregado na lonxa ou na confraría. A persoa responsable será o vixiante da confraría ou, no seu defecto, os propios percebeiros de xeito rotativo.

Para as embarcacións, o control farase na embarcación de vixilancia ou, se non está dispoñible, nunha das embarcacións despachadas para este recurso ou no peirao. O funcionamento é igual ao dos de a pé, se controlan cupos e tallas e se rexistran os nomes das embarcacións que foron traballar e o número de habilitacións. Esta información queda recollida nun parte de control que será entregado na lonxa ou na confraría. A persoa responsable será o vixiante da confraría ou, no seu defecto, os patróns das embarcacións de xeito rotativo.

O paso polo punto de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.  
Na lonxa verificarase que os datos das capturas coinciden cos obtidos no punto de control.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.*

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Recoméndase a elaboración do procedemento sancionador en caso de incumprimento das normas do plan.
- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos (porcentaxe sobre as vendas, cotas de socio...) que se esperan xerar no desenvolvemento deste plan.